



Corme, 21 de outubro de 2020

Estimadas familias,

temos o gusto de comunicarvos que este ano o cole foi seleccionado para participar no programa "Aprende a través del Surfing" que se desenvolve a Asociación Surf and Clean en colaboración coa Federación Española de Surfing, Federación Galega de Surf o Comité Olímpico Español, 7 concellos e 6 escolas de surfing de Galiza.

Este é un programa que pretende achegar a ralidade do surf á rapazada así como promover a comprensión do mar como un espazo de desfrute, de lercer e tamén deportivo. Do mesmo xeito pretende promover valores de sostibilidade medioambiental poñendo o foco no coidado do mar. A actividade consta de dúas partes. Unha formación na escola de media xornada escolar e unha xornada de bautismo de surf nunha das praias do noso concello. As actividades terán lugar en horario lectivo polo serán consideradas actividades de carácter complementario.

A data está por determinar pero sábese que a data do bautismo será cando a climatoloxía amose as mellores condicións para que as nenas e nenos poidan desfrutar da práctica na praia. Do mesmo xeito resulta unha actividade completamente segura xa que se buscará un día no que o estado do mar sexa de calma.

Por outra banda, dende a entidade promotora sinálase o seguinte en relación á situación COVID – 19: *“Durante todo el verano el Surfing ha demostrado ser una practica muy segura. Todas las escuelas de Surf de Razo han permanecido abiertas y no ha habido contagios ni situaciones de riesgo en gran parte gracias al protocolo desarrollado por la Federación Española de Surf”*.

A proposta está destinada a todo o alumando dende 1º a 6º de Educación Primaria. A escola considera que esta proposta é unha moi boa oportunidade para seguir achegándonos á nosa realidade tanto social como natural, así que confirmou a súa participación máis precisamos que autorizedes por escrito á vosa filla ou fillo para a participación no programa, especialmente na parte práctica. De non cubrirse todas as prazas asignadas á escola de Corme, estas serán destinadas a outros centros.

É por isto que a continuación podedes cubrir a autorización para a participación do voso fillo ou filla.

Sen máis, recibide un cordial saúdo.

Equipo de mestras e mestres do CEIP As Forcadas

AUTORIZACIÓN PARA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA “APRENDE A TRAVÉS DO SURFING”

Eu, D./Dona _____ con DNI: _____
AUTORIZO ao meu fillo /filla _____
de _____ curso a participar nas
actividades propostas dentro do marco do programa “Aprende a través do surfing”.